

APROXIMACIÓN ÁS RELACIÓNS LITERARIAS GALEGO-CATALANAS. NOTICIAS HISTÓRICAS E BIBLIOGRÁFICAS

JUAN M. RIBERA LLOPIS e OLIVIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Nun ámbito como o peninsular onde historiograficamente as súas tradicións literarias se amosaron case esforzadas en organizar sospeitosas historias diverxentes, sorprende, se non a regular constancia, si o continuado goteo de estudos que remiten ás relacións e ó contraste de situacións histórico-literarias vividas en galego e en catalán. Cómpre dicilo, prioritariamente desde Galicia. Seica pesase nisto o referente que conxugan Manuel Murguía e Alfredo Brañas. Referímonos á chamada de atención que o primeiro fai ós *rexurdentistas* con respecto á *Renaissance* alá polo 1886 en *Los Precursores* (1976: pp. 141-142) e á proxección catalana da teorización rexionalista do segundo, con *El regionalismo: estudio sociológico, histórico y literario* publicado en Barcelona no 1889. Abofé que, ó contrario, tamén podería ter actuado como acicate historiográfico a atención que á cultura galega e ó seu novo pulo prestaron homes cataláns como Manuel Milà i Fontanals –non só estudiando a lírica galego-portuguesa, senón facendo algún que outro aceno de complicidade co comportamento galego á hora de revisa-la rexeneración catalana (1893: p. 435)–, como Victor Balaguer –colaborador nos Xogos Frorais galegos dos anos oitenta e que no seu discurso de recepción na Real Academia Española, titulado *Las literaturas regionales*, fai un encomiástico percorrido das letras galegas dende o trovadorismo ós certames coetáneos (1883: pp. 4-5, 33-35)–, ou como Joan Maragall –abraiado visitante de Galicia no 1903 e forxador do anovamento da súa imaxe en claves modernistas paralelas ás de Valle Inclán–. O certo é que, desa *armazón* histórica asentada na encrucillada de séculos e alongada no novecentos –unha sucesiva proba da mutua atracción sería o cruzamento entre os poemas galegos de Carles Riba e os poemas cataláns de Álvaro Cunqueiro–, proxéctase unha bibliografía que, con cativas excepcións, se alentou case sempre desde Galicia. Como mostra,

non obstante, da excepcionalidade e como desagravio doutras aportacións que polo de agora se nos escapan, citarémo-lo traballo de Artur Quintana Font, *Presencia e influencia das letras galegas sobre as catalanas de postguerra*, presentado no V Congreso Internacional de Estudos Galegos (1997), e onde o catálogo de nomes máis familiares como os de Salvador Espriu e Joan Perucho que certifican a atención dos escritores en catalán pola tradición literaria galega ampliase con datos máis excepcionais como é o da incursión poética galega de Josep Pedrell.

Combinando a partir de agora historia e entrada bibliográfica, faremos un apertado percorrido polo achado cultural galego-catalán. É, no principio da nosa ordenación, Alfonso Magariños en *Los gallegos* (1979) quen formula o perfil dunha «relación dialéctica de influencia mutua» animada polo encontro de guieiros das culturas galega e catalana. Magariños indícanos o adiantamento de Joan Mañé i Flaquer e de Valentí Almirall sobre Brañas, así como a anticipación do mesmo Brañas ás *Bases de Manresa* (1892) ou a súa incidencia sobre Enric Prat de la Riba, e lémbra-nos finalmente a coincidencia de intereses anticeñtralistas entre *Solidaridad Gallega* e a *Lliga* (1979: pp. 39-40,43). Trátase xa que logo, no caso do eixo galego-catalán, dunhas relacións que comezan con crecente constancia na segunda metade do século XIX para se adentrar no novecentos. Relacións inscritas na cerna dunha dinámica que vai do rexionalismo ó iberismo e que, na súa orixe, algó haberá de deber ó desprazamento de poboación e intereses cataláns cara a Galicia a mediados do século XVIII. Así, en calquera caso, ábrese un arco cronolóxico no que a recepción catalana vai modificando a súa percepción do galego, superando cotas impostas polo estereotipo costumista, e no que os intelectuais galegos miran en non poucas ocasións os pasos da rexeneración catalana como fitos exemplares. O viciro deste achegamento galego-catalán dende o

punto de vista literario ten unha condensada revisión no *Limiar* de Xosé Filgueira Valverde a *Gallegos en Cataluña (2)* (1985) de Manuel Rodríguez López. Alí, tras noticias que arrincan da Idade Media, avanzamos de Manuel Milà i Fontanals a Eugeni d'Ors, pasando polo «encis» ou feitizo que alma e pobo galegos provocaron en Joan Maragall. Outras aportacións monográficas permiten camiñar paseniñamente sobre cada un dos elos desa relación.

Rosalía de Castro na prensa barcelonesa (1863-1899) (1993) de Carme Hermida Gulías, máis alá do contido axeitado ó título, facilita facermos un documentado percorrido polo oitocentos no que a proxección do galego en Cataluña se refire. A historiadora, nun artellamentó de fases cronolóxicas moi definido, sitúa o gradual decantarse catalán por unha Galicia que interesa máis polo discurso político que polo cultural, coordinada na que Rosalía –consonte con todo isto, máis a reivindicativa que a intimista– logra ser un nexo de orde literaria (1993: p. 83). Ela será sen dúbida a ponte fundamental, pero cotexada sobre o recoñecemento, queríamos engadir, outros nomes como o de Manuel Curros Enríquez, que ve traducidos por Constantí Llombart e laudatoriamente prologados por Vicente Blasco Ibáñez en 1892 e desde Valencia os seus *Aires da miña terra*. Esa plataforma común é a que atoparemos fíncada no cruzamento de séculos e á que poderá remitir Joan Maragall ó prologar *Poesía & Prosa* (1905) do lusitanista Ignasi Ribera i Rovira e afirmar verbo do espírito atlántico: «Nosaltres, aquesta ànima la coneixem ja un xic per Rosalía de Castro i Curros Enríquez, per aquells nostres parents de la llunyana Galicia, que és sols una prolongació de Portugal» (J. Maragall, 1970: p.830).

Xesús Alonso Montero –que en *Galicia vista por los no gallegos* (1974) ofrece, entre outras perspectivas, a expresada en catalán sobre Galicia e a súa cultura por nomes que van de Víctor Balaguer a Josep Pla ou Joan Perucho – xa tratara previamente no seu artigo *Joan Maragall e Galicia* (1972) a devandita mirada sobre a esencia do galego e das letras galegas por parte do poeta e teórico do *Modernisme*. Para iso, Xesús Alonso Montero trouxo ó galego algunhas liñas e versos da súa correspondencia e poesía amáis dun apuntamento sobre a súa sorte nas traducións ó galego. Co nome de Maragall ficariamos instalados na

transición cronolóxica e estética do oitocentos ó novecentos e proxectándonos sobre o século XX. Asemade nun intre de cambio no tocante á contemplación de Galicia desde o Mediterráneo. A todo isto referímonos nós nunha parte da nosa aportación ó congreso xa citado, *A imaxe e o concepto de «galego» nas literaturas galega, castelá e catalana da Fin do Século XIX* (1997). Nestes traballos propóñense as claves para seguirlos pasos desa relación no novo século. Nas primeiras décadas da centuria seguiría a ser constante a presenza do galego no ámbito catalán e viceversa. Quen asinamos este breve repaso histórico e bibliográfico andamos a traballar no momento de redactalo sobre documentación do tipo do manifesto de adhesión ó catalanismo que constitúe *Catalanismo militante* (1901) do rexionalista Aurelio Ribalta, ou de *Galicia ante la solidaridad* (1970), de Eugenio López Aydillo, libro-enquisa a diversas figuras coetáneas onde a referencia a nomes cataláns é máis que relevante, á beira de xuízos como o de Joaquín Novoa sobre a oportunidade, xa referida por Alfredo Brañas, dunha cidade hexemónica como Barcelona no embate rexionalismo/centralismo e a falla do seu equivalente no caso galego. Moita máis documentación e referencias de cariz literario, neste caso desde a perspectiva catalana e indo cara ás décadas segunda, terceira e cuarta, fornecen *Castelao dende Catalunya* (1988) de Xosé Lois García e *Carles Riba e Galicia* (1993) coordinado por Xesús Alonso Montero. *La obra narrativa de Vicente Risco* (1993) de Olivia Rodríguez remite asimesmo a puntos de encontro nesta cronoloxía como o paralelo entre a Xeneración Nós e o Noucentisme catalán, ou a comunicación entre a Vanguarda catalana e o seu voceiro en Galicia, Vicente Risco; ou mesmo o seguimento por parte deste autor da obra de Joan Maragall, Santiago Rusiñol e Eugeni d'Ors. Aporalle a este último o ser «o máis traidor dos intelectuais» polo seu rexeitamento das letras catalanas en procura do abeiro das castelás no 1923, aínda que lle seguirá sendo fiel, recoñecéndoos especialmente nos seus traballos de posguerra, cando o propio Risco abandonara o galego. Mediante o último título mencionado de Alonso Montero, pola estrutura rebordada de círculos concéntricos sobre o tema eixo do título –a edición da incursión de Riba, alá polo 1911, na poesía galega–, mesmo avanzaríamos ata unha data histórico-cultural non tan afastada de nós.